



## **Concello de FRADES**

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

---

### **SESION PLENARIA EXTRAORDINARIA**

#### **DIA 1 DE OUTUBRO DE 2015**

No Salón de Plenos da Casa do Concello, cando son as 14.00 horas do día 1 de outubro de 2015; a fin de celebrar Sesión extraordinaria convocada previamente para este día, reúnen os seguintes concelleiros:

D<sup>a</sup>. María Ángeles Álvarez Carro, D. Jesús Miguel Prado Cea, D. Jesús Francos Sánchez, D. Ramón Garabato Boga, D. Óscar Botana Rúa, D. Manuel Ferreiro Marzoa, D. Juan Carlos Portos Bra, D. José María Pérez Lagos, D<sup>a</sup>. Nelly Iglesias Rey, D<sup>a</sup> Lorena Suárez Pardo; baixo a Presidencia de D. Roberto Rey Martínez como Alcalde- Presidente, e coa asistencia da Secretaria do Concello Carmen Gómez Otero.

#### **ORDE DO DÍA**

##### **1.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2014.**

Dáse conta da proposta da Alcaldía co teor literal seguinte:

*“ (...)Visto que na Comisión Informativa Permanente Especial de Contas de data 19/08/2015, en cumprimento do disposto no artigo 212 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, procedeuse pola Comisión Permanente Especial de Contas ó exame da Conta Xeral do Orzamento da anualidade 2014 para o que tivo á vista dita Conta cos documentos correspondentes.*

*Examinados ditos documentos e resultando que confrontada a referida Conta Xeral co Orzamento, cos acordos de modificación do Estado de Gastos a liquidación do orzamento, mandamentos de pago e ingreso, acta de arqueo ó final do exercicio, a Comisión estimou que quedou debidamente xustificada dita Conta.*

*Entendendo procedente a aprobación da Conta Xeral do exercicio 2014, non obstante, o cal previa exposición ó público, o Pleno do Concello co seu superior criterio acordará o que estime conveniente.*

*Exposta ó público a referida Conta Xeral municipal correspondente ó exercicio 2014 durante quince días e oito máis, non constando, reclamacións nin observación presentadas por interesados, solicito que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO**:*

**PRIMEIRO.-** Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2014 do Concello de Frades.

**SEGUNDO.-** Render a Conta Xeral do exercicio 2014 ante o Tribunal de Contas (...)”



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Conña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

A continuación dáse conta do certificado de exposición ao público, co teor literal seguinte

*“(...) CERTIFICADO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO E RESULTADO.-*

*DONA CARMEN GÓMEZ OTERO, Secretaria-Interventora do Concello de Frades*

*CERTIFICO: Que a Conta Xeral do Orzamento do exercicio dous mil catorce cos documentos que a xustifican e o informe da Comisión Especial de Contas, permaneceron expostos ó público nesta Secretaría do meu cargo durante os quince días hábiles e oito días mais comprendidos entre o 27 de agosto ao 22 de setembro de 2015, dita exposición anunciouse por edito publicado no Boletín Oficial da Provincia núm.162 de data 26 de agosto de 2015 e no taboleiro de anuncios deste Concello, e que transcorrido o mencionado prazo non se presentaron reclamacións. (...)”.*

Tralas consideracións oportunas, con oito votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal do PP, e dúas abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal BNG,

### **ACÓRDASE:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2014 do Concello de Frades.

**SEGUNDO.-** Render a Conta Xeral do exercicio 2014 ante o Tribunal de Contas.

## **2.- DELEGACIÓN DO PLENO NA XGL DO ESTABLECEMENTO E MODIFICACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS.**

Dáse conta do expediente de data 25 de setembro de 2015, composto por: Providencia da Alcaldía, Informe de Secretaria e Proposta do Alcalde ao Pleno, co teor literal seguinte:

### **“(...) PROVIDENCIA DA ALCALDÍA**

*Sendo posible a delegación de competencias de determinadas materias do Pleno na Xunta de Goberno Local, conforme ao artigo 22.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, entre elas o establecemento e modificación dos prezos públicos, por todo elo, **DISPOÑO** Que por Secretaría emítase informe sobre a Lexislación aplicable y o procedemento a seguir.*

### **INFORME DE SECRETARÍA**

**REF: CF-8.2015**

*De acordo co ordenado pola Alcaldía mediante Providencia de data 25/09/2015, e en cumprimento do establecido no artigo 3.a) do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte,*



## **Concello de FRADES**

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraades.dicoruna.es

### **INFORME:**

**PRIMEIRO.** O Pleno pode delegar o exercicio das súas atribucións no Alcalde e na Xunta de Goberno Local, salvo as seguintes:

- O control e a fiscalización dos órganos de goberno.
- Os acordos relativos á participación en organizacións supra municipais; alteración do termo municipal; creación ou supresión de municipios e das entidades a que se refire o artigo 45; creación de órganos desconcentrados; alteración da capitalidade do municipio e o cambio de nome deste ou daquelas entidades e a adopción ou modificación da súa bandeira, insignia ou escudo.
- A aprobación inicial do plan xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, así como os convenios que teñan por obxecto a alteración de calquera dos devanditos instrumentos.
- A aprobación do regulamento orgánico e das ordenanzas.
- A determinación dos recursos propios de carácter tributario; a aprobación e modificación dos orzamentos, e a disposición de gastos en materia da súa competencia e a aprobación das contas; todo iso de acordo co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.
- A aprobación das formas de xestión dos servizos e dos expedientes de municipalización.
- A aceptación da delegación de competencias feita por outras Administracións públicas.
- A formulación de conflitos de competencias a outras entidades locais e demais Administracións públicas.
- A aprobación do persoal de persoal e da relación de postos de traballo, a fixación da contía das retribucións complementarias fixas e periódicas dos funcionarios e o número e réxime do persoal eventual.
- A alteración da cualificación xurídica dos bens de dominio público.
- As que deban corresponder ao Pleno por esixir a súa aprobación unha maioría especial.
- A votación sobre a moción de censura ao Alcalde e sobre a cuestión de confianza exposta polo mesmo, que serán públicas e realizaranse mediante chamamento nominal en todo caso, e réxense polo disposto na lexislación electoral xeneral.

**SEGUNDO.** A Lexislación aplicable vén determinada por:

- O artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

**TERCEIRO.** O procedemento para levar a cabo a delegación é o seguinte:

A. Proporase a posibilidade de delegación do Pleno na Xunta de Goberno Local.

B. Unha vez presentada a proposta acordarase por Pleno a correspondente delegación de competencias.

C. O acordo adoptado publicarase no Boletín Oficial da Provincia, cursando efecto a partir do día seguinte ao da súa adopción.



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686 - FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fades.dicoruna.es

*D. Se dará conta á Xunta de Goberno Local do acordo de delegación de competencias na próxima sesión que se celebre.*

*Visto canto antecede e de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución:*

### **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:**

*PRIMEIRO. Delegar o exercicio da competencia de establecemento e modificación de prezos públicos do Pleno na Xunta de Goberno Local, (artigo 47.1 do TRLRFL), axustándose ao previsto no artigo 22.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*

*SEGUNDO. Publicar o acordo de delegación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, cursando efecto a partir do día seguinte ao da súa adopción.*

*TERCEIRO. Dar conta á Xunta de Goberno Local deste acordo na próxima sesión que se celebre.(...)”*

*“ (...) Logo de ver o Informe de Secretaría CF.8.2015 de data 25.09.2015, RESOLVO*

*Que se eleve ao Pleno para a súa aprobación a seguinte,*

### **PROPOSTA DA ALCALDÍA:**

*PRIMEIRO. Delegar o exercicio da competencia de establecemento e modificación de prezos públicos do Pleno na Xunta de Goberno Local (artigo 47.1 do TRLRFL), axustándose ao previsto no artigo 22.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*

*SEGUNDO. Publicar o acordo de delegación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, cursando efecto a partir do día seguinte ao da súa adopción.*

*TERCEIRO. Dar conta á Xunta de Goberno Local deste acordo na próxima sesión que se celebre.(...)”.*

A continuación o Sr. Alcalde explica que por axilidade, délegase esta competencia do Pleno na XGL, para calquera actividade que se faga, a XGL terá a competencia. A continuación, o Sr. Alcalde dálle a palabra ao concelleiro do grupo municipal BNG, D. José María Pérez Lagos que intervén para aclarar que non quere que se delegue esta competencia no Pleno porque ve lagoas.

Tralas consideracións oportunas, con oito votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal do PP, e dous votos en contra dos concelleiros/as do grupo municipal BNG,

### **ACÓRDASE:**



## **Concello de FRADES**

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

**PRIMEIRO.** Delegar o exercicio da competencia de establecemento e modificación de prezos públicos do Pleno na Xunta de Goberno Local (artigo 47.1 do TRLRFL), axustándose ao previsto no artigo 22.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

**SEGUNDO.** Publicar o acordo de delegación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, cursando efecto a partir do día seguinte ao da súa adopción.

**TERCEIRO.** Dar conta á Xunta de Goberno Local deste acordo na próxima sesión que se celebre.

### **3.- APROBACIÓN DA ORDENANZA XERAL REGULADORA DE PREZOS PÚBLICOS.**

Incorpórase ao salón de Plenos D<sup>a</sup> Nelly Iglesias Rey, ausente durante o debate e votación dos dous primeiros puntos.

Dáse conta do expediente de data 25 de setembro de 2015, composto por: Providencia da Alcaldía, Informe de Secretaria e Proposta do Alcalde ao Pleno, co teor literal seguinte:

#### **“(…) PROVIDENCIA DE ALCALDÍA**

*Considerándose do máximo interese para este Municipio a aprobación dunha Ordenanza municipal xeral que regule os prezos públicos co obxecto de regular actividades culturais, actividades deportivas e outras de natureza análoga, a desenvolver no Concello de Frades , completando o disposto nas Leis e Regulamentos vixentes, **DISPOÑO** Que polo Secretario sexa emitido informe sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir.(…)”*

“(…)”

#### **INFORME DE SECRETARÍA**

**Ref: CF.9.2015**

*De acordo co ordenado pola Alcaldía mediante Providencia de data 25/09/2015, e en cumprimento do establecido no artigo 3.a) do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte,*

#### **INFORME**

**PRIMEIRO.** *O Municipio, segundo dispón o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.*



## **Concello de FRADES**

Cimadevila, 10  
15686 - FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fraades.dicoruna.es

Así mesmo, na súa calidade de Administración Pública de carácter territorial, e sempre dentro da esfera das súas competencias, corresponde a este Concello a potestade regulamentaria e de auto organización.

O instrumento adecuado para regular con carácter xeral a fixación de prezos públicos é a aprobación dunha Ordenanza municipal, disposición administrativa de rango inferior á Lei, de exclusiva e mellor aplicación neste Municipio, que complete o Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, a Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, e a Lei xeral orzamentaria e tributaria, e normas que as desenvolvan., dada a súa peculiaridade e a súa diferenciación con respecto a devanditas Leis e Regulamentos de ámbito de aplicación máis amplo.

**SEGUNDO.** A Lexislación aplicable vén determinada por:

— Os artigos 4, 22.2.d), 25, 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

— O artigo 56 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

**TERCEIRO.** A aprobación das Ordenanzas locais axustarase ao seguinte procedemento:

**A.** Por Providencia de Alcaldía iniciárase o expediente.

**B.** Elaborado e recibido o proxecto de Ordenanza, corresponderá a aprobación inicial da mesma polo Pleno (artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local), e abrirase período de información pública, por un prazo mínimo de trinta días, para que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. O Acordo de aprobación inicial publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

**C.** Concluído o período de información pública, se se presentaron reclamacións e/ou suxestións, resolveranse estas, incorporándose ao texto da Ordenanza as modificacións derivadas da resolución das alegacións. A aprobación definitiva corresponde ao Pleno, de conformidade co disposto polos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

**D.** No suposto de que non se presenten reclamacións en relación coa aprobación inicial da Ordenanza no prazo de información pública, entenderase definitivamente adoptado o Acordo até entón provisional, estendéndose por esta Secretaría a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial.

**E.** O Acordo de aprobación definitiva [expresa ou tácita] da Ordenanza, co texto íntegro da mesma, debe publicarse para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. (...)"

### **“ (...) PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO**

Considerando o interese que supón para o Municipio a aprobación da Ordenanza municipal xeral reguladora de prezos públicos.



## **Concello de FRADES**

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

---

Visto o informe de Secretaría de data 25/09/2015 sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir para a aprobación da Ordenanza municipal xeral reguladora de prezos públicos.

Visto o proxecto de Ordenanza municipal xeral reguladora de prezos públicos.

Realizada a tramitación legalmente establecida e vista a competencia do Pleno, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse ao mesmo a adopción do seguinte,

### **ACORDO**

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente a Ordenanza xeral municipal reguladora de prezos públicos coa seguinte transcripción literal:

(...)

### **ORDENANZA XERAL REGULADORA DO ESTABLECEMENTO OU MODIFICACIÓN DOS PREZOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE FRADES**

#### **I. Fundamento e réxime xurídico**

##### **Artigo 1.- Fundamento**

De conformidade co disposto na lexislación reguladora das facendas locais, este Concello poderá establecer e esixir prezos públicos, que se regularán polo establecido por esta Ordenanza (en defecto de regulación expresa mediante ordenanza propia), pola citada lexislación reguladora das facendas locais, e pola lexislación que para o Estado regula os prezos públicos, con carácter supletorio.

#### **II. Obxecto**

##### **Artigo 2.- Concepto**

1.- Este Concello poderá establecer e esixir prezos públicos pola prestación de servizos ou a realización de actividades da competencia da entidade local, sempre que non teñan a condición de feito impositivo de taxa, de acordo coa lexislación das facendas locais e a lexislación estatal reguladora das taxas e prezos públicos.

2.- En xeral e co cumprimento do establecido na presente Ordenanza, poderán establecerse e esixirse prezos públicos, pola prestación dun servizo ou a realización dunha actividade da competencia do Concello de Frades, que se refira, afecte ou beneficie de modo particular ao obrigado ao pagamento, cando se cumpra calquera das circunstancias seguintes:

a) Que sexan de solicitude ou recepción voluntaria para os administrados. Para estes efectos considerarase voluntaria a solicitude ou recepción por parte dos administrados cando non veña imposta por disposicións legais ou regulamentarias, ou cando os bens, servizos ou actividades requiridos non sexan imprescindibles para a vida privada ou social do solicitante.

b) Cando se presten ou realicen polo sector privado, esta ou non establecida a súa reserva a favor do sector público, conforme á normativa vixente.



## **Concello de FRADES**

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

---

### **Artigo 3.- Servizos e actividades excluídos**

*Non poderán esixirse prezos públicos, en ningún caso, polos seguintes servizos e actividades:*

- a) Abastecemento de augas en fontes públicas.*
- b) Iluminación en vías públicas.*
- c) Vixilancia pública en xeral.*
- d) Protección civil.*
- e) Limpeza da vía pública.*
- f) Ensinanza nos niveis de educación obrigatoria.*

### **III. Obrigados ao pagamento.**

#### **Artigo 4.- Obrigados ao pagamento**

*Están obrigados ao pagamento dos prezos públicos os que se beneficien dos servizos ou actividades polos que deban satisfacerse aqueles.*

### **IV. Contía, bonificacións e exencións**

#### **Artigo 5.- Contía**

*O importe do prezo público deberá cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada.*

*Na determinación do custo final do servizo ou actividade terase en conta os custos directos e indirectos orzamentarios, así como os custos derivados das amortizacións extra orzamentarias.*

#### **Artigo 6.- Bonificacións e exencións**

*Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, o Concello poderá fixar prezos públicos por debaixo do límite previsto no apartado anterior. Nestes casos, deberán consignarse nos presupostos do Concello as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se a houbese.*

*O Concello de Frades resérvase o dereito de programar cursos ou actividades de carácter gratuíto ou cunha redución de contías de ata unha porcentaxe do 100% para determinados colectivos con escasos recursos que se consideren desfavorecidos, previo informe dos Servizos Sociais. En ningún caso poderán desfrutar de redución da tarifa as unidades familiares que superen en dúas veces o IPREM.*

*Para persoas que acrediten formar parte de familia numerosa, para cursos ou actividades deportivas a contía verase reducida nun 50%.*

### **V. Fixación dos prezos públicos. Procedemento**

#### **Artigo 7.- Fixación**





## **Concello de FRADES**

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES. (A Conña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

---

1.- O establecemento ou modificación dos prezos públicos é atribución do Pleno da Corporación.

2.- Delégase esta atribución polo Pleno na Xunta de Goberno Local. Cando se vaia establecer ou realizar a actividade ou servizo que poida dar lugar a un prezo público non previsto noutra ordenanza deste Concello, elevarase proposta á Alcaldía para a súa determinación e posteriormente a dita proposta será elevada á XGL para a determinación do prezo público concreto de que se trate segundo o servizo ou actividade prestados e unha vez que conste no expediente estudo económico financeiro que serve de fundamento.

*Poderán dar lugar á exixencia de prezos públicos os seguintes servizos ou actividades:*

- Cursos, escolas deportivas e actividades relacionadas co mundo do deporte organizadas polo Concello de Frades.

- Cursos, excursións e actividades culturais organizadas polo Concello de Frades.

*Darase preferencia ás persoas empadroadas no Concello de Frades.*

### **Artigo 8.- Procedemento**

1.- O establecemento dos prezos públicos realizarase por acordo do órgano competente, a proposta da Alcaldía ou da concellaría delegada que procedese, no que se fará constar, polo menos o seguinte:

- a) O concreto servizo ou actividade que orixina, como contra prestación, o prezo público.
- b) O importe da tarifa a que ascende o prezo público que se estableza.
- c) Exixencia ou non do depósito logo do importe total ou parcial do prezo público, como requisito para a prestación do servizo ou a realización da actividade.
- d) A expresa declaración de que o prezo público cobre o custo do servizo, conforme á memoria económico-financeira que deberá acompañarse á proposta, ou de ser o caso, a porcentaxe do mesmo que é asumido con cargo ao presuposto municipal, especificándoo a nivel de partida.
- e) A data a partir da cal se comece a esixir o prezo público, de nova creación ou modificado.
- f) Declaración expresa de remisión ao disposto nesta Ordenanza e nas disposicións legais vixentes.

2.- O acordo de establecemento ou modificación dos prezos públicos deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello.

### **Artigo 9.- Memoria económico-financeira**

1.- A proposta de establecemento ou modificación da contía dos prezos públicos deberá ir acompañada dunha memoria económico-financeira que xustificará o importe destes que se propoña e o grao de cobertura financeira dos custos correspondentes.



## **Concello de FRADES**

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

---

2.- A memoria económico financeira deberá ser fiscalizada pola Intervención municipal.

### **VI.- Cobro e xestión dos prezos públicos**

#### **Artigo 10.- Cobro.**

1.- A obriga de pagar o prezo público nace desde que se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade.

2.- Poderá esixirse o depósito logo do importe total ou parcial do prezo público, como requisito para prestar o servizo ou realizar a actividade.

3.- O pagamento do prezo público realizarase:

a) Nos casos de obriga periódica efectuarase mensualmente, agás os prazos especiais establecidos no acordo de imposición de cada prezo público.

b) Na prestación de servizos ou realización de actividades, no momento da presentación da solicitude de prestación ou realización das actividades polos obrigados ao pagamento.

4.- Cando por causas no imputables ao obrigado ao pagamento do prezo, o servizo ou a actividade non se preste ou desenvolva, procederase á devolución do importe correspondente.

#### **Artigo 11.- Xestión**

1.- O Concello de Frades poderá esixir os prezos públicos en réxime de auto liquidación.

### **VII.- Disposicións finais**

**Primeira.-** Para o non previsto nesta Ordenanza estarase ao disposto no Texto refundido da lei de facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, a Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, e a Lei xeral orzamentaria e tributaria, e normas que as desenvolvan.

**Segunda.-** A presente Ordenanza entrará en vigor transcorrido o prazo de quince días hábiles a contar desde o día seguinte á súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa ou tácita.

(...)

**SEGUNDO.** Someter devandita Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.



## **Concello de FRADES**

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

---

**TERCEIRO.** *Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.(...)"*

A continuación, o Sr. Alcalde dálle a palabra ao concelleiro do grupo municipal BNG, D. José María Pérez Lagos que intervéñ para aclarar que non está de acordo en que se cobren as actividades.

Tralas consideracións oportunas, con oito votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal do PP, e tres votos en contra dos concelleiros/as do grupo municipal BNG,

### **ACÓRDASE:**

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente a Ordenanza xeral municipal reguladora de prezos públicos coa seguinte transcripción literal:

(...)

### **ORDENANZA XERAL REGULADORA DO ESTABLECEMENTO OU MODIFICACIÓN DOS PREZOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE FRADES**

#### **I. Fundamento e réxime xurídico**

##### **Artigo 1.- Fundamento**

De conformidade co disposto na lexislación reguladora das facendas locais, este Concello poderá establecer e esixir prezos públicos, que se regularán polo establecido por esta Ordenanza (en defecto de regulación expresa mediante ordenanza propia), pola citada lexislación reguladora das facendas locais, e pola lexislación que para o Estado regula os prezos públicos, con carácter supletorio.

#### **II. Obxecto**

##### **Artigo 2.- Concepto**

1.- Este Concello poderá establecer e esixir prezos públicos pola prestación de servizos ou a realización de actividades da competencia da entidade local, sempre que non teñan a condición de feito impositivo de taxa, de acordo coa lexislación das facendas locais e a lexislación estatal reguladora das taxas e prezos públicos.

2.- En xeral e co cumprimento do establecido na presente Ordenanza, poderán establecerse e esixirse prezos públicos, pola prestación dun servizo ou a realización dunha actividade da competencia do Concello de Frades, que se refira, afecte ou beneficie de modo particular ao obrigado ao pagamento, cando se cumpra calquera das circunstancias seguintes:

a) Que sexan de solicitude ou recepción voluntaria para os administrados. Para estes efectos considerarase voluntaria a solicitude ou recepción por parte dos administrados cando non



## **Concello de FRADES**

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

---

veña imposta por disposicións legais ou regulamentarias, ou cando os bens, servizos ou actividades requiridos non sexan imprescindibles para a vida privada ou social do solicitante.

b) Cando se presten ou realicen polo sector privado, estea ou non establecida a súa reserva a favor do sector público, conforme á normativa vixente.

### **Artigo 3.- Servizos e actividades excluídos**

Non poderán esixirse prezos públicos, en ningún caso, polos seguintes servizos e actividades:

- a) Abastecemento de augas en fontes públicas.
- b) Iluminación en vías públicas.
- c) Vixilancia pública en xeral.
- d) Protección civil.
- e) Limpeza da vía pública.
- f) Ensinanza nos niveis de educación obrigatoria.

### **III. Obrigados ao pagamento.**

#### **Artigo 4.- Obrigados ao pagamento**

Están obrigados ao pagamento dos prezos públicos os que se beneficien dos servizos ou actividades polos que deban satisfacerse aqueles.

### **IV. Contía, bonificacións e exencións**

#### **Artigo 5.- Contía**

O importe do prezo público deberá cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada.

Na determinación do custo final do servizo ou actividade terase en conta os custos directos e indirectos orzamentarios, así como os custos derivados das amortizacións extra orzamentarias.

#### **Artigo 6.- Bonificacións e exencións**

Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, o Concello poderá fixar prezos públicos por debaixo do límite previsto no apartado anterior. Nestes casos, deberán consignarse nos presupostos do Concello as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se a houbese.

O Concello de Frades resérvase o dereito de programar cursos ou actividades de carácter gratuito ou cunha redución de contías de ata unha porcentaxe do 100% para determinados colectivos con escasos recursos que se consideren desfavorecidos, previo informe dos Servizos Sociais. En ningún caso poderán desfrutar de redución da tarifa as unidades familiares que superen en dúas veces o IPREM.

Para persoas que acrediten formar parte de familia numerosa, para cursos ou actividades deportivas a contía verase reducida nun 50%.



## **Concello de FRADES**

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

---

### **V. Fixación dos prezos públicos. Procedemento**

#### **Artigo 7.- Fixación**

1.- O establecemento ou modificación dos prezos públicos é atribución do Pleno da Corporación.

2.- Delégase esta atribución polo Pleno na Xunta de Goberno Local. Cando se vaia establecer ou realizar a actividade ou servizo que poida dar lugar a un prezo público non previsto noutra ordenanza deste Concello, elevarase proposta á Alcaldía para a súa determinación e posteriormente a dita proposta será elevada á XGL para a determinación do prezo público concreto de que se trate segundo o servizo ou actividade prestados e unha vez que conste no expediente estudo económico financeiro que serve de fundamento.

Poderán dar lugar á exixencia de prezos públicos os seguintes servizos ou actividades:

- Cursos, escolas deportivas e actividades relacionadas co mundo do deporte organizadas polo Concello de Frades.

- Cursos, excursións e actividades culturais organizadas polo Concello de Frades.

Darase preferencia ás persoas empadroadas no Concello de Frades.

#### **Artigo 8.- Procedemento**

1.- O establecemento dos prezos públicos realizarase por acordo do órgano competente, a proposta da Alcaldía ou da concellaría delegada que procedese, no que se fará constar, polo menos o seguinte:

- a) O concreto servizo ou actividade que orixina, como contra prestación, o prezo público.
- b) O importe da tarifa a que ascende o prezo público que se estableza.
- c) Exixencia ou non do depósito logo do importe total ou parcial do prezo público, como requisito para a prestación do servizo ou a realización da actividade.
- d) A expresa declaración de que o prezo público cobre o custo do servizo, conforme á memoria económico-financieira que deberá acompañarse á proposta, ou de ser o caso, a porcentaxe do mesmo que é asumido con cargo ao presuposto municipal, especificándoo a nivel de partida.
- e) A data a partir da cal se comece a esixir o prezo público, de nova creación ou modificado.
- f) Declaración expresa de remisión ao disposto nesta Ordenanza e nas disposicións legais vixentes.

2.- O acordo de establecemento ou modificación dos prezos públicos deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello.

#### **Artigo 9.- Memoria económico-financieira**



## **Concello de FRADES**

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Conña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

---

- 1.- A proposta de establecemento ou modificación da contía dos prezos públicos deberá ir acompañada dunha memoria económico-financeira que xustificará o importe destes que se propoña e o grao de cobertura financeira dos custos correspondentes.
- 2.- A memoria económico financeira deberá ser fiscalizada pola Intervención municipal.

### **VI.- Cobro e xestión dos prezos públicos**

#### **Artigo 10.- Cobro.**

- 1.- A obriga de pagar o prezo público nace desde que se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade.
- 2.- Poderá esixirse o depósito logo do importe total ou parcial do prezo público, como requisito para prestar o servizo ou realizar a actividade.
- 3.- O pagamento do prezo público realizarase:
  - a) Nos casos de obriga periódica efectuarase mensualmente, agás os prazos especiais establecidos no acordo de imposición de cada prezo público.
  - b) Na prestación de servizos ou realización de actividades, no momento da presentación da solicitude de prestación ou realización das actividades polos obrigados ao pagamento.
- 4.- Cando por causas no imputables ao obrigado ao pagamento do prezo, o servizo ou a actividade non se preste ou desenvolva, procederase á devolución do importe correspondente.

#### **Artigo 11.- Xestión**

- 1.- O Concello de Frades poderá esixir os prezos públicos en réxime de auto liquidación.

### **VII.- Disposicións finais**

**Primeira.-** Para o non previsto nesta Ordenanza estarase ao disposto no Texto refundido da lei de facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, a Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, e a Lei xeral orzamentaria e tributaria, e normas que as desenvolvan.

**Segunda.-** A presente Ordenanza entrará en vigor transcorrido o prazo de quince días hábiles a contar desde o día seguinte á súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa ou tácita.

(...)

**SEGUNDO.** Someter devandita Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou



## **Concello de FRADES**

*Cimadevila, 10*

*15686 - FRADES (A Conña)*

*Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79*

*E-Mail: correo@fades.dicoruna.es*

---

suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

**TERCEIRO.** Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

Dado que non hai máis asuntos de que tratar na Sesión de hoxe, o Sr. Alcalde levanta a sesión cando son as 14,35 horas, no lugar e data indicados, coa sinatura do Alcalde-Presidente e da Secretaria que dá fe.

Vº. e Pr  
O ALCALDE

A SECRETARIA

Asdo.: Roberto Rey Martínez

Asdo.: Carmen Gómez Otero